

## Casa A Capitana

C/ Sabugueiro, 46

36930 Cambados (Pontevedra).

Teléfono: 986 52 05 13

E-mail: [pazoacapitana@pazoacapitana.com](mailto:pazoacapitana@pazoacapitana.com)

Web: [www.pazoacapitana.com](http://www.pazoacapitana.com)

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso é ampla, chaira e despexada de obstáculos.
- Para chegar á porta principal do establecemento, entre a calzada e a beirarrúa hai unha acanaladura que pode supoñer un obstáculo para unha persoa en cadeira de rodas.

#### Acceso

- A entrada principal ao pazo é accesible por unhas portadas de dobre folla de **95 cm** de ancho cada unha.
- Existe un timbre de chamada xunto á porta situado a unha altura de **1,60 m**.
- O itinerario dende a entrada principal ata o patio interior e a recepción, ten un chanzo de **20 cm** cunha rampla alternativa de **1,01 m** de ancho e de lonxitude e cunha inclinación do **6,9%**.

#### Vestíbulo e recepción

- Para entrar a recepción hai un chanzo de baixada de **12 cm** de altura.
- A mesa de atención ao público ten unha altura de **80 cm** e debaixo non existe un espazo suficiente de aproximación frontal dun usuario en cadeira de rodas.

#### Cuarto Adaptado (Nº 10)

- N.º cuartos adaptados: **1**. Está na planta baixa e na porta de entrada hai unha pequena rampla de acceso de **74 cm** de lonxitude, **1,05 m** de ancho e unha inclinación do **14%**.
- A porta de entrada abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **76 cm**.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de **360°** coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é maior de **1,60 m**.
- A cama ten unha altura de **55 cm**, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de **30 cm** de ancho e polo esquerdo de **1 m**.
- As portas dos armarios son abatibles 90º de difícil apertura e os andeis están a unha altura de entre **50 cm e 1,60 m**. O percheiro está fixo a **1,85 m** de altura.
- A mesa do escritorio ten unha altura de **77 cm**. Debajo existe un espazo libre inferior de **60 cm**, un ancho libre de **90 cm** e un fondo de **60 cm**.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corrediza cun ancho libre de paso de **77 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

#### Inodoro

- O asento está a unha altura de **50 cm** e o mecanismo de descarga a **80 cm**.

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **50 cm** pola fronte e polo lado dereito de 70 cm e de forma oblicua pola presenza do bidé.
- Dispón de barra de apoio abatible no lado dereito a **55 -70 cm** de altura.

#### Lavabo

- O lavabo é regulable en altura e debaixo deste hai un espazo libre de **67 cm** de alto e **60 cm** de fondo. A billa é monomando.
- Dispón dunha barra de apoio fixa no lado esquerdo a **50 cm** de altura, que supón un obstáculo á hora de acceder ao inodoro.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1 m** e o resto dos accesorios do baño están entre **75 - 90 cm**

#### Ducha

- O cuarto de baño dispón de ducha, cun espazo de aproximación lateral de **1,22 m**.
- O prato de ducha esta a rentes do chan e é antideslizante.
- Dispón dun asento de ducha fixo á parede e abatible a unha altura de **55 cm** e cunhas dimensións de **31 cm** de ancho e **27 cm** de fondo.
- Dispón dunha barra de apoio en forma de "L" na parede xunto das billas a unha altura de **80 cm – 1,08 m**.
- A billa é monomando e encóntrase **1,20 m** de altura. A alcachofa é regulable en altura entre **1,20 y 1,41 m**.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- Para chegar á porta principal do establecemento, entre a calzada e a beirarrúa hai unha acanaladura que pode supoñer un obstáculo para persoas con discapacidade visual, xa que non hai ningún tipo de sinalización que alerte do desnivel.
- O itinerario dende a entrada principal ata o patio interior e a recepción, ten un chanzo de **20 cm** cuxo bordo non está sinalizado e a rampla alternativa ao chanzo tamén carece de sinalización.
- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Non existen elementos en beiril que impliquen risco.

### Cuarto estándar (nº5)

- Todos os cuartos están a planta superior que non é accesible polo uso das escaleiras.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

### Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" nin banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro deste.

## Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das estanzas e servizos, sen seguir o mesmo patrón, presentan contraste cromático, e non están complementadas con Braille ou altorrelevo.

## Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible, o pavimento é de terra compacta	Non Existe ningunha praza reservada para Persoas de Mobilidade Reducida ( <b>PMR</b> ).
Cafetería/Restaurante/ Buffet	Planta baixa	Accesible, a través dunha rampla móbil para salvar un chanzo de <b>18 cm</b> .	Mesas redondas e cadradas con <b>4 patas</b> . O almorzo sérvese en mesa. Altura de mesa: <b>75 cm</b> , Altura baixo mesa: <b>67 cm</b> Ancho baixo mesa: <b>63 cm</b> , Fondo baixo mesa: <b>80 cm</b> Non dispoñen de carta en braille. Altura do buffet: <b>76 cm e 1 m</b> , sen posibilidade de aproximación frontal.
Aseo Común	Planta baixa	Accesible	Non hai aseos comúns adaptados
Escaleira	Todas as plantas	Sen itinerario alternativo accesible	Tipo de escaleira: interior N.º de chanzos por tramo: <b>máis de 10</b> Chan de textura e cor distinta en inicio e final: <b>Non</b> Altura dos chanzos: <b>19 cm</b> Fondo da pegada: <b>30 cm</b> Con tabica: <b>Si</b> Con bocel: <b>Si</b> Zócolo de protección lateral: <b>Non</b> Altura de Pasamáns: A un lado, <b>94 cm</b>